

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 6 DE MARZO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día seis de marzo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 27 de Febreiro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

SEPULTURAS.-

“Visto o escrito de **dona Rosario Fernández Iglesias**, veciña desta vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, nº 48, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea sita no cemiterio de Ribadavia e que figura a nome do seu esposo, don Ramón Alvarez Araujo, con código segundo o recibo da taxa 303 T, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado polo xerente de **TELEFOOURENSE LOCUTORIOS, S.L.**, con domicilio na rúa Juan de Angas, nº 5, 32002, Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Progreso, nº 13, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **dona Alicia Rodríguez Raña**, con domicilio na Estrada de Carballiño, nº 60-baixo, San Cristovo (Ribadavia), no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Estrada de Carballiño, nº 60-baixo, San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial de perruquería, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Francisco Martínez Fernández**, con domicilio na Estrada de Francelos, nº 48, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Estrada de Francelos, nº 48-3ºC, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Rafael Cao González**, con domicilio na rúa Ribeiro, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Ribeiro, nº 5-3º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don José Benito Costas Araujo**, con domicilio na Avda. Redondela, nº 23-4ºD, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. Redondela, nº 23-4ºD, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **dona María Martínez Gómez**, con domicilio na rúa Rosalía de Castro, nº 6, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Rosalía de Castro, nº 6, Portal 1, Planta 3ª, letra B, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

3.- ESCRITOS OFICIAIS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense (Servizos Sociais), de data 03.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 06.03.06, polo que se comunica ao Concello unha alta no servizo de teleasistencia domiciliaria.”

“Escrito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa), de data 22.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 01.03.06, polo que se comunica ao Concello a asignación económica que lle corresponde ao centro público integrado Tomás de Lemos para facer fronte aos gastos de funcionamento e mantemento ordinario do centro dentro do convenio específico de adhesión ao convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP, e que para o ano 2006 ascende a contía de 37.663,06 euros.”

“Escrito da Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural), de data 24.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 02.03.06, polo que se comunica ao Concello a intención de dita Consellería de promover a organización de exposicións de carácter documental e artístico a trasladar ao longo do territorio galego aproveitando os equipamentos públicos e privados existente, e solicitan para a elaboración dun posible circuito de exposicións a remisión de información sobre os equipamentos dispoñibles no Concello.”

“Dáse conta do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e as empresas: Nauta sportwear, Jose Luis Deportes e Piri Sport, co gallo de facilitar entre os usuarios das instalacións deportivas de Ribadavia a adquisición de produtos deportivos nas empresas citadas.”

4.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS.-

“A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, acollerse á Orde do 14 de febreiro de 2006, pola que se regula a concesión de axudas económicas aos Concellos de

Galiza para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a temporada de verán. Asemade acorda tamén por unanimidade, no caso que se conceda a subvención, a contratación temporal de dous auxiliares de policía local, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.”

“Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 17.11.03, en canto a liquidación practicada pola licenza de obra concedida a don Ramón Fernández Justo, veciño desta vila, con domicilio na rúa Fornos, nº 42, procédese a rectificación do mesmo e así onde di: “*Practícase a liquidación provisional aos efectos do Imposto de construción, instalación e obras desta licenza, o cal importe é de 78 euros*”, debe dicir: “*Practícase a liquidación provisional aos efectos do Imposto de construción, instalación e obras desta licenza, o cal importe é de 373,71 euros*”, todo elo, en base ao presuposto de execución material que ascende a 14.373, 63 euros.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2006, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

NOME EMPRESA	Nº FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE
MARLO S.L., MARQUESINAS Y MOBILIARIO URBANO, con C.I.F. núm. G-15596752, por subministro de catro marquesiñas MODELO NOIA para refuxio de viaxeiros de autobús.	84	22/11/05	9.999,20 €

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.”

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

